



BASES DO LXXIII CONCURSO DE MAIOS E EMBARCACIÓNS 2026

Seguindo coa tradición, por mor do día 1 de maio, o Ateneo Santa Cecilia coa colaboración do concello, organiza a LXXIII edición do “**CONCURSO DE MAIOS E EMBARCACIÓNS**”, dirixido a tódolos centros escolares (idade mínima das persoas participantes: 2º ciclo de Educación Infantil e idade máxima: alumnado de 2º de bacharelato), asociacións e demais colectivos de Marín e contorna.

1.- Os **MAIOS** terán forma cónica e os armazóns poderán estar feitos con calquera material. Terán que ter unha altura mínima (dende o agarre) de 1.30m. e na súa decoración exterior só se empregaran elementos naturais (no caso de ter que utilizar alfinetes, estes serán da cor da flor (brancos para flor branca e amarelos para flor amarela) e o exceso na utilización de silicona (sempre e cando se vexa demasiado), minguará a nota.

2.-As **EMBARCACIÓNS** serán de construción artesanal.

3.-A **COROA** deberá respectar as formas tradicionais dos maios de Marín e estará recuberta con material vexetal. Non se permitirán nin puntuarán engadidos de figuras ou outros símbolos non tradicionais, tendo coidado en que non se vexa o ferro da estrutura xa que puntuaría en negativo.

4.- Os grupos que desexen participar neste concurso, teñen que facer a súa inscrición antes das 20:00 horas do venres 24 de abril (pasada a hora de entrega, non se admitirán a concurso). Para elo, deberán cubrir a folla de inscrición que poden recoller na secretaría do Ateneo, sita na rúa do Forno 42 – baixo, en horario de luns a venres, de 18:00 a 20:30h. Á dita solicitude deberán xuntar 2 copias da letra coa que vaian participar neste concurso.

5.- A valoración dos grupos participantes farase mediante un XURADO nomeado polo Ateneo que puntuará de 1 a 10 a cada maio ou embarcación en cada un dos apartados correspondentes; puntuación que se fará pública ao remate do concurso. Este Xurado contará cunha persoa secretaria do Ateneo e o seu fallo será inapelable.



ATENEO SANTA CECILIA DE MARÍN

CIF.: G-36015287

Sociedade declarada de Utilidade Pública (O.M. 08-01-99)
Medalla de Bronce da Xunta de Galicia (2003)
Medalla ao Mérito Cultural, do Concello de Marín (2003)
Premio Provincial de Cultura da Deputación de Pontevedra (2015)

6.- Os apartados do concurso para **MAIOS** serán: letra-construción-coroa e interpretación.

Para **EMBARCACIÓNS**: letra e interpretación a non ser que a embarcación sexa de nova creación e entón tamén se valorará a construción, tendo dereito, se así o valora o xurado a un premio neste apartado.

7.-Tódolos grupos recibirán unha axuda económica polo simple feito de participar, ademais da tradicional rosca e o chocolate para as persoas compoñentes.

8.- As coplas deberán ir escritas en galego e serán de libre composición.

9.- Na interpretación cantaranse 4 estrofas se son de 4 versos e 2 se son de 8, máis a última, e empregaranse as melodías tradicionais tanto no caso dos maios como das embarcacións.

10.- A relación e contía dos premios farase pública nos medios de información local.

11.- Os grupos participantes terán, obrigatoriamente, que concentrarse ás 12:30 horas na alameda Rosalía de Castro, no entorno do palco da música (nos círculos pintados no chan), e ás 17:00 horas, na Praza do Reloxo (a non ser que a organización lles comunique o contrario por mor de condicións climáticas adversas).

12.-A participación no concurso obriga á aceptación destas bases.